



**GRUPO PROVINCIAL**  
**V-32244006**  
**xosebaltar@bng.gal**

Bernardo Varela López, voceiro do grupo provincial do BNG na Deputación de Ourense; María Mangana Guede e Xose Manuel Puga González deputados do grupo provincial do BNG, ao abeiro da Lei da Administración Local de Galiza e demais disposicións concordantes presenta as seguintes PREGUNTAS/ROGOS para a súa resposta no Pleno da Deputación Provincial de Ourense a celebrar o venres 26 xenario 2024

#### PREGUNTAS/ROGOS PARA O PLENO 26 ABRIL 2024:

1. Con data 16 xaneiro 2024 a Dirección Xeral de Planificación Enerxética e Recursos Naturais publica resolución pola que se somete a información pública a autorización do parque eólico Avoceta Wind e que afecta nas súas liñas de evacuación aos concellos de San Cristobo de Cea, Vilamarín, Coles, O Pereiro de Aguiar e Ourense. **Presentou a Deputación de Ourense alegacións ao citado proxecto? O goberno provincial desta Deputación ten criterio ou posición ao respecto deste proxecto eólico?**
2. O punto limpo da comarca do Carballiño ten establecido un horario de recollida ao público de 12 h a 14 h. Este horario non se adapta ás necesidades de boa parte da veciñanza da contorna para o depósito de residuos para a súa reciclaxe. **Sería posible a reconsideración dos horarios para adaptalos a outros máis adecuados con incorporación de atención e recollida en horario tamén de tarde?**
3. En que situación de atopa o Pazo de Vilamarín, propiedade da Deputación Provincial de Ourense?. **Ten o grupo de goberno algún plan ou iniciativa para o seu mellor aproveitamento?.**
4. Con data 19 de febreiro 2024 por resolución da presidencia declárase deserto o expediente de adxudicación do servizo de control de calidade das obras que realice a Deputación Provincial de Ourense. **Como se vai resolver este tema para que as obras da Deputación continúen a contar co control de calidade?**
5. Con data 06 de febreiro 2024 por resolución da presidencia declárase deserto o expediente de adxudicación do servizo de xestión (recollida en punto limpo, transporte e entrega a xestor) de residuos PLÁSTICOS AGRÍCOLAS recepciónados nos puntos limpos da Deputación Provincial de Ourense para o ano 2024. **Como se vai resolver este tema?**
6. O pasado 24 de xaneiro de 2023 o xornal La voz de Galicia faciase eco de unha colaboración da Deputación co concello de Ribadavia para a realización dunha

senda peonil dende Ribadavia as termas de Prexigueiro. Dende que foi publicada a nova até o día de hoxe non se sabe nada de dito proxecto. **Cal é o motivo de que ese proxecto non se levara a cabo? cando se executará dita obra?**

7. Que ante os problemas de circulación que suceden cada inverno na estrada de montaña entre Teimende e Vilariño Frío (na estrada OU 0604 titularidade da Deputación Provincial) xa que conta cunha sinalización mellorable, **ROGAMOS se solicite á Xefatura Provincial de Tráfico de Ourense, en colaboración coa Deputación a realización dun estudo para mellora da súa sinalética**

Ourense, 24 de abril de 2024.

Asdo: Bernardo Varela López  
Voceiro do grupo provincial do BNG

**AO SR. PRESIDENTE DA DEPUTACIÓN DE OURENSE**